

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de marzo de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Xesús López Carreira

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día catro de marzo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(241).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA VAL MIÑOR. EXPTE. 78/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do xefe da Oficina Administrativa de contratación, do 3.03.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Construcciones Eiriña, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de humanización da rúa Val Miñor (expte 78-440) por un prezo total de 223.078,37 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 4, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 14 persoas das que 12 terán presenza permanente na obra.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescripci3ns t3cnicas ao 4 %

Aportar 4 persoas procedentes da situaci3n legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garant3a en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cl3usulas administrativas particulares, co que o prazo total de garant3a 3 de 60 meses.

Destina a cantidade de 22.540 euros 3 execuci3n de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protecci3n fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cl3usulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada. .

E sen ter m3ais asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesi3n 3s nove horas e doce minutos. Como secretaria dou f3.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodr3guez.